



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Abril 2016

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2016

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Abril 2016


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un aumento do 9,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,2%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 12,3% e os Outros servizos o 2,6%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,4% e en España un 2,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de abril. Galicia é a comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a cuarta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un crecemento do 9,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 1,8 puntos máis que no mes de marzo. O índice para España amosa un aumento do 5,2% respecto ao mes de abril de 2015, 1,8 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 12,3% e achega 9,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 2,6% e achegan 0,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,9%, inferior en máis de sete puntos á taxa galega e os *Outros servizos* aumentan o 5,8%, 3,2 puntos máis que en Galicia.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 16,6% e achega 7,8 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 19,1% e achega 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral.

A nivel nacional, é a *Venta e reparación de vehículos de motor* a que máis repercute no incremento do índice xeral, 1,3 puntos, cun crecemento da súa cifra de negocios do 19,9%; o *Comercio por xunto* achega 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral, cun incremento do 3,2%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 2,6%, debido principalmente ás *Actividades administrativas e servizos auxiliares* que achegan catro décimas á taxa do índice

xeral, cun crecementos do 12,6%. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector no que diminúe a cifra de negocios (-4,9%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,8%. Este crecemento débese principalmente ás *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que aumentan un 11,6% e achegan nove décimas a taxa de variación do índice xeral; *Información e comunicacións*, cun crecemento do 6,5%, achega cinco décimas á taxa do índice xeral.

No que vai de ano, a cifra de negocios aumenta un 9,0% en Galicia, grazas principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 15,0% achega sete puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -4,9%.

En España, nos catro primeiros meses do ano, a cifra de negocios aumenta o 4,2%, 4,8 puntos menos que en Galicia. Todos os sectores amosan taxas acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio por xunto* son os sectores con mais repercuten neste crecemento.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,8% no mes de abril. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 11,3% e achega 4,3 puntos á taxa de variación do índice xeral. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector no que diminúe a cifra de negocios (-4,6%).


Nos catro primeiros meses do ano, o índice xeral creceu un 5,8%, debido sobre todo ao *Comercio*, que rexistra un incremento do 10,5% e achega 4,1 puntos á taxa xeral. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 4,4% e restan 0,4 puntos á taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 9,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 7,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de abril en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios. Os maiores aumentos danse en Galicia (9,9%) e Illes Balears (7,7%). As comunidades con menores crecementos son Asturias (0,2%) e Castilla y León (1,3%).

Nos catro primeiros meses do ano, tamén Galicia (9,0%) e Illes Balears (8,1%) son as comunidades con maiores incrementos. Os menores crecementos rexístranse en Castilla y León (1,2%) e Asturias (1,4%).

Índices de cifra de negocios. Abril 2016


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,4% respecto ao mes de abril de 2015, 0,6 puntos menos que en España (2,0%).



O persoal ocupado aumenta un 1,3% no *Comercio* e un 1,5% nos *Outros servizos*. O *Comercio por xunto* (2,8%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,1%) son os sectores que máis repercuten no crecemento do emprego, catro e sete décimas respectivamente. A *Venta e reparación de vehículos* é o único sector onde diminúe a ocupación, -0,5%.

En España, tamén son o *Comercio por xunto* (2,8%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliarse* (3,4%) as que máis repercuten no crecemento do emprego, catro e cinco décimas respectivamente.

No acumulado do ano, o emprego crece en Galicia o 1,9% fronte ao 2,3% en España. Todos os sectores incrementan a ocupación no primeiro cuatrimestre do ano en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos*. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (5,3%) como en España (3,7%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de abril. Os maiores incrementos danse en Aragón (3,3%) e Cataluña, cun crecemento do 3,0%.

Asturias (0,3%), Extremadura (1,1%), Castilla y León (1,2%) e Galicia (1,4%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Cataluña (3,4%) e Illes Balears, Navarra e Aragón, con taxas do 3,3%, son as comunidades con maior incremento do emprego, mentres que Asturias (0,9%) e Madrid (1,7%) rexistran os menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Abril 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,0	9,9	9,0
Comercio	108,8	12,3	11,1
Venta e reparación de vehículos de motor	99,1	19,1	15,6
Comercio por xunto	120,7	16,6	15,0
Comercio ao retalho	90,4	2,0	2,3
Outros servizos	95,8	2,6	2,8
Transporte	108,5	2,4	2,2
Hostalería	85,2	2,5	4,1
Información e comunicacións	81,0	2,9	5,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	83,2	-4,9	-4,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	122,5	12,6	9,2
España			
Xeral	100,1	5,2	4,2
Comercio	99,9	4,9	3,5
Venta e reparación de vehículos de motor	108,7	19,9	12,6
Comercio por xunto	102,2	3,2	2,6
Comercio ao retalho	92,7	3,2	2,2
Outros servizos	100,5	5,8	5,5
Transporte	109,2	2,8	1,8
Hostalería	100,0	3,6	7,6
Información e comunicacións	93,7	6,5	5,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	101,5	11,6	8,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	97,0	5,9	7,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	98,2	5,8	5,8
Comercio	102,1	11,3	10,5
Transporte	113,8	3,8	3,3
Hostalería	85,8	2,3	4,2
Información e comunicacións	80,0	3,6	5,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	95,6	-4,6	-4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,8	10,8	7,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	100,1	5,2	4,2
Andalucía	98,5	4,4	3,5
Aragón	97,1	4,3	2,4
Asturias	90,5	0,2	1,4
Balears, Illes	107,2	7,7	8,1
Canarias	102,3	4,0	4,6
Cantabria	93,6	7,0	4,9
Castilla y León	96,4	1,3	1,2
Castilla-La Mancha	94,6	2,1	2,0
Cataluña	103,8	5,7	3,5
Comunitat Valenciana	104,9	4,9	5,4
Extremadura	88,7	1,9	3,6
GALICIA	106,0	9,9	9,0
Madrid	96,9	5,4	4,1
Murcia	109,2	4,0	5,4
Navarra	95,6	5,6	3,6
País Vasco	98,7	7,3	4,8
Rioja, La	107,4	7,3	5,4

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	95,9	1,4	1,9
Comercio	93,1	1,3	1,4
Venta e reparación de vehículos de motor	84,3	-0,5	-0,1
Comercio por xunto	89,2	2,8	2,7
Comercio ao retallo	97,1	0,8	1,0
Outros servizos	98,2	1,5	2,3
Transporte	97,1	0,5	0,6
Hostalería	91,5	0,2	1,7
Información e comunicacións	86,3	2,0	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,2	0,3	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,7	5,1	5,3
España			
Xeral	99,3	2,0	2,3
Comercio	97,7	2,0	2,2
Venta e reparación de vehículos de motor	90,1	2,1	2,2
Comercio por xunto	100,8	2,8	3,0
Comercio ao retallo	97,1	1,5	1,6
Outros servizos	100,4	2,0	2,5
Transporte	97,1	1,5	1,9
Hostalería	101,8	1,8	2,8
Información e comunicacións	96,7	1,2	2,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	97,4	1,6	1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,7	3,4	3,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	99,3	2,0	2,3
Andalucía	99,4	1,8	1,9
Aragón	97,0	3,3	3,3
Asturias	92,4	0,3	0,9
Balears, Illes	104,7	2,7	3,3
Canarias	101,4	2,6	3,2
Cantabria	97,9	1,7	1,8
Castilla y León	95,6	1,2	1,8
Castilla-La Mancha	98,0	1,5	1,9
Cataluña	102,7	3,0	3,4
Comunitat Valenciana	98,6	1,9	2,2
Extremadura	99,8	1,1	1,9
GALICIA	95,9	1,4	1,9
Madrid	96,9	1,5	1,7
Murcia	105,4	2,6	2,5
Navarra	101,7	2,6	3,3
País Vasco	101,5	2,1	2,1
Rioja, La	102,8	2,3	3,0

Fonte: INE